





OBRA non LITERARIA 1

Destaca o seu labor de investigador, compilador e editor no campo da literatura



A literatura medieval:

A obra



Escolma de poesía medieval. I. Escola medieval galego-portuguesa (1198-1346), publicada en 1953 e reeditada en 1975.

- Presenta a tódolos trovadores e xograis que viven entre 1198 e 1346.
- É o mellor estudo galego feito ata ese momento sobre a poesía medieval galego-portuguesa.
- Adapta os textos á ortografía actual.

Artigos

Entre 1955 e 1965 publica artigos sobre algúns trabadores. Destaca entre eles o traballo sobre Martín Codax (recibe un premio) onde fai un estudo biográfico do trovador e mais unha análise das súas sete cantigas.



Os “Séculos escuros”


A obra




Escolma da poesía medieval II. A poesía dos séculos XIV a XIX (1354-1830), publicada en 1959.

- Compila de xeito rigoroso o período “máis escuro” da nosa poesía, desde o final do esplendor medieval da lírica galego-portuguesa ata os séculos XVI e XVII.
- Aparecen obras dos últimos trovadores (Álvarez de Villasandino, Macías O Namorado, o Arcediago de Toro...) e mais algunhas cantigas anónimas e varias panxoliñas de Nadal e Reis xa dos séculos escuros.

Descuberta e edición de textos soltos:



1951- descobre e publica as dúas poesías galegas de Nicomedes Pastor Díaz: *Égloga de Belmiro e Benigno* e *A Alborada*




1953- *Décimas ao Apóstolo Santiago (Santo da barba dourada)* de Martín Torrado.

- Desde os anos 60 ata o final da súa vida edita obras varias, por exemplo:
- poesías de circunstancias feitas co gallo de calquera acontecemento social ou político

A literatura popular

Compila e divulga literatura de tradición oral (refráns, cantigas, lendas, etc.)




Cancioneiriño da Virxe (1954). Selección de cantigas referidas a diferentes advocacións marianas galegas.

Publicou antoloxías de refráns, cantigas, ditos, etc, algunhas divulgativas coma *Refraneiro do viño* 1968, ou *Cantares de cego* 1972 e outras de investigación coma *Literatura popular en torno a Pardo de Cela* 1965.

Os nomes da terra (1976). Publicado co pseudónimo *Celso de Baión*. Recolle a etimoloxía de 79 topónimos populares (Confurco, Conxo, Noia, Padrón...)

Tamén elaborou biografías



Galería de Gallegos Ilustres (1956). Recolle biografías de –entre outros- Sarmiento, Feijoo, Murguía, Pardo Bazán, Méndez Núñez, Curros, Rosalía...

Alexandre Bóveda, apunte biográfico. Escrito en 1982 por encargo do Banco del Noroeste. Unha vez editado non foi distribuído, xa que a entidade descoñecía a transcendencia política e ideolóxica da figura de Bóveda. Non verá a luz ata 1992.